



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo de Fin de Grao

Materia	Traballo de Fin de Grao			
Código	V02G031V01991			
Titulación	Grao en Bioloxía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Míguez Miramontes, Jesús Manuel			
Profesorado	Míguez Miramontes, Jesús Manuel			
Correo-e	jmmiguez@uvigo.es			
Web	http://http://bioloxia.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-grao			
Descrición xeral	<p>O Traballo Fin de Grao (TFG) forma parte do módulo Traballo e Proxecto Fin de Grao do plan de estudos do título de Grao en Bioloxía.</p> <p>A materia Traballo Fin de Grao consistirá na realización dun traballo de forma individual polo estudante, contando coa titorización dun/unha profesor/a, e permitirá demostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas o título.</p> <p>O Traballo Fin de Grao rixese pola normativas aprobadas para esat materia pola Universidade de Vigo e pola Facultade de Bioloxía. A xestión de todos os procesos que conleva o traballo fin de grao corre a cargo la Comisión de Traballo Fin de Grao (Comisión de TFG), nomeada pola Facultade a tal efecto.</p> <p>A materia non ten un horario fixado no calendario escolar, aínda que normalmente realizase durante o segundo cuatrimestre do curso.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B1	Desenvolver a aprendizaxe autónoma, identificando as súas propias necesidades formativas e organizando e planificando as tarefas e o tempo.
B2	Xestionar información científico-técnica de calidade utilizando fontes diversas. Analizar datos e documentos e interpretalos de forma crítica e rigorosa, incluíndo reflexións sobre a súa relevancia social e no ámbito profesional da Bioloxía.
B3	Aplicar o coñecemento adquirido na titulación e empregar a instrumentación científico-técnica e as TIC en contextos propios da Bioloxía e/ou no exercicio da profesión.
B4	Elaborar e redactar informes, documentos e proxectos relacionados coa Bioloxía. Proceder á súa presentación e debate no ámbito docente e especializado, poñendo de manifesto as competencias da titulación
B6	Desenvolver as capacidades de análises e sínteses, de razoamento crítico e argumentación, aplicándoas en contextos propios da Bioloxía e outras disciplinas científico-técnicas.
B7	Perseguir obxectivos de calidade no desenvolvemento da súa actividade e incorporar á súa conduta os principios éticos que deben rexer no exercicio profesional da Bioloxía.
C1	Resolver problemas aplicando o método científico, os conceptos e a terminoloxía específica da Bioloxía, os modelos matemáticos e as ferramentas estatísticas e informáticas.
C10	Identificar procesos biolóxicos e biotecnolóxicos e a súa posible aplicabilidade, en particular nos ámbitos sanitario, agroalimentario e ambiental.
C12	Redactar informes e memorias técnicas, así como dirixir e executar proxectos en temas relacionados coa bioloxía e as súas aplicacións
C13	Impartir formación, participar en proxectos de I+D+i, comunicar resultados e divulgar coñecementos. Contribuír á proxección social da Bioloxía e á sensibilización polo medio ambiente

C14	Asesorar, peritar e supervisar aspectos científico-técnicos, éticos, legais e socioeconómicos relacionados coa bioloxía e as súas aplicacións
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D3	Comprometerse coa sustentabilidade e medio ambiente. Uso de forma equitativa, responsable e eficiente dos recursos.
D5	Comunicar de maneira eficaz e adecuada, incluíndo o uso de ferramentas dixitais e o inglés.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Demostrar os coñecementos adquiridos na titulación e saber aplicalos á realización dun proxecto de ámbito biolóxico.	A2	B3 B4	C1 C10	D3
Aplicar os principios do método científico na formulación dun proxecto e nos hábitos de traballo.	A2	B2	C1	D1
Manexar as TIC, realizar procuras bibliográficas e organizar a información sobre un tema de traballo.	A3	B2 B3	C1	D3 D5
Planificar o traballo adaptándose a uns obxectivos e prazos previamente estipulados.	A2	B1 B7		D3 D5
Traballar de forma autónoma e seguindo pautas acordadas co supervisor.	A2	B1		
Interpretar os resultados alcanzados nun proxecto e redactar informes.	A3 A4	B2 B4	C10 C12 C14	D3 D5
Expoñer publicamente os resultados e debatelos utilizando argumentos científicos.	A4	B2 B4 B6	C13	D5
Comprender a proxección social da Bioloxía e a súa repercusión no exercicio da profesión.	A2 A4	B6 B7	C10 C12 C13 C14	D1 D3 D5

Contidos

Tema

A materia Trabajo Fin de Grao organizase sobre a - base de tres actividades que o alumno deberá realizar axeitadamente:

1. Realización a nivel persoal dun traballo orixinal A tipoloxía do traballo deberá estar ceñida a algúns destes apartados: relacionado con algún dos ámbitos da bioloxía e a súa aplicabilidade laboral.

Os traballos realizaranse sempre baixo a supervisión dun/unha profesor/a titor/a.

Existen diferentes tipos de traballos fin de grao polos que os alumnos poden optar:

-Traballos tipo A: ofertados por profesores/as da titulación. O principio de curso os alumnos/as deberán optar por unha temática de traballo de entre as ofertadas. A Comisión de TFG establecerá as normas e prazos que rexirán a adxudicación aos alumnos das temáticas propostas polos profesores.

-Traballos tipo B: propostos polos alumnos/as e acordados con profesores/as da titulación que actuarán como tutores do traballo.

-Traballos tipo C: propostos por alumnos/as para ser realizados en empresas ou entidades diferentes á UVIGO coas que exista un convenio académico. A titorización deste tipo de traballo constará dun titor académico da institución e unha persoa da entidade externa que realizará funcións de cotitor.

-Traballos tipo D: traballos para estudantes con necesidades educativas especiais.

-Traballo tipo E: desenrolado por estudantes no marco dun programa de mobilidade.

As características particulares de cada un destes tipos de traballo, así como as normas que os rixen, están recollidas na Normativa de Traballo Fin de Grao de Bioloxía.

2. Entrega en prazo dunha memoria escrita do traballo realizado.

As características da memoria e os prazos de entrega serán establecidos coa suficiente antelación pola Comisión de Traballo Fin de Grao, seguindo as directrices fixadas pola Normativa de Traballo Fin de Grao en Bioloxía.

3. Presentación e defensa do traballo diante dun tribunal de avaliación que o avaliará e cualificará.

As normas de presentación e defensa do traballo serán fixadas pola Comisión de Traballo Fin de Grao, dacordo coa Normativa de Traballo Fin de Grao en Bioloxía.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	20	240	260
Proxecto	1	29	30
Presentación	1	9	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O traballo fin de grao realizarase baixo a supervisión dun profesor/a que exercerá as funcións de titor/a. A titorización consistirá en supervisar e orientar o estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao proxecto que desenvolva o estudante. As normas relativas ao desenvolvemento do traballo titorizado están recollidas no Regulamento do Traballo Fin de Grao da UVigo, e na Normativa de Traballo Fin de Grao da Facultade de Bioloxía.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Cada estudante dispón dun titor/a que o orientará na realización do traballo fin de grao, fará o seguimento do mesmo e participará na súa avaliación, dacordo coa normativa aprobada para esta materia.
Probas	Descrición
Proxecto	O estudante desenvolverá un proxecto orixinal de forma autónoma e baixo a supervisión do titor, no que porá en evidencia as competencias adquiridas ao longo da titulación. Ao final deberá recoller os resultados do proxecto nunha memoria, dacordo coas normas establecida para iso. Tamén fará unha presentación da memoria diante do tribunal, constituindo o proxecto e a presentación a maior porcentaxe da calificación que obteña na materia. A memoria e a presentación tamén contarán en distintas fases coa supervisión do titor.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Traballo tutelado	A persoa titora emitirá un informe de avaliación que incluírá diferentes ítems dirigidos á adquisición de competencias por parte do alumno, e será aprobado pola comisión de traballo fin de grao. Na seguinte ligazón pódese consultar o modelo de informe titorial usado no curso 2022-23, o cal pode ser tomado como referencia para o curso 2023-24. http://bioloxia.uvigo.es/docs/docencia/grado/tfg/TFG_informe_tutor.pdf	30	A2 B1 C1 D1 A3 B2 C10 D3 B3 C12 D5 B4 C14 B6 B7	
Proxecto	O estudante deberá entregar unha memoria do proxecto na que se incluírán os detalles principais do traballo realizado. Na seguinte ligazón podense consultar as normas de elaboración da memoria que rexiron o proceso no curso 2022-23, o que pode servir de referencia para o curso 2023-24. https://bioloxia.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-grao/	40	A2 B1 C1 D1 A3 B2 C10 B3 C12 B4 C14 B6 B7	
Presentación	O estudante deberá facer unha presentación do proxecto diante do tribunal e debatir cos seus membros acerca dos diferentes aspectos do traballo realizado.	30	A4 B1 C1 D5 B4 C13 B7	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Tribunal da avaliación do Traballo Fin de Grao

Estará constituído por tres profesores da titulación e será nomeado a proposta da Comisión de Traballo Fin de Grao. Constituiranse tantos tribunais como fose necesario, cos correspondentes membros suplentes, para garantir o bo discurrir do proceso avaliador.

Memoria de Traballo Fin de Grao

Coa antelación suficiente, a Comisión de TFG establecerá os prazos de entrega da solicitude de defensa e da memoria. A non entrega da mesma nos prazos establecidos levará a non presentación a avaliación da materia. Seguiranse as directrices establecidas na normativa para a elaboración da memoria de TFG, que estará pública na páxina web da facultade e na plataforma docente.

Presentación e defensa do Traballo Fin de Grao

O tribunal avaliador da proba publicará coa suficiente antelación a orden de exposición, lugar e hora de celebración das probas, quedando a disposición de todos os interesados. Os criterios de avaliación recolleranse nunha rúbrica que será aprobada por la Comisión de TFG e posta a disposición de todo o estudiantado do curso.

Cualificacións

Ao finalizar o proceso avaliador, o tribunal publicará de forma conxunta as cualificacións que recibiron os alumnos matriculados na materia.

Si un alumno/a superase a avaliación do titor, pero obtúvese unha calificación de suspenso nalgunha das outras partes do TFG, o tribunal entregaralle a él e ao seu titor un informe recollendo as recomendacións para mellorar o traballo na seguinte oportunidade. Asimismo, indicárase si as partes non superadas poden ser recuperadas nunha segunda oportunidade do mesmo curso o si, polo contrario, o alumno/a debe realizar a totalidade do traballo noutra curso académico.

Segunda oportunidade do curso

O/a alumno/a poderá recuperar nunha segunda oportunidade no mesmo curso aquelas partes que non superou na primeira, sempre e cando así o recolla o informe que obtivo do tribunal avaliador.

A Comisión de Traballo Fin de Grado establecerá e fará públicos coa antelación suficiente os prazos que rexerán o proceso de avaliación na segunda oportunidade do curso, incluíndo os prazos de entrega da solicitude de defensa, memoria e informe do titor, así coma a data, lugar e hora de celebración do acto de presentación e defensa do traballo diante do tribunal.

Horario da materia

Debido as súas características, o traballo fin de grao non ten un horario establecido; cada alumno establecerá o seu horario de acordo co titor, normalmente ao longo do segundo cuatrimestre.

Datas previstas para as probas de avaliación dos TFGs para o curso 2023-24:

As datas foron aprobadas en Xunta de Facultade. Ver ligazón: <http://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/examenes>

Normativas aplicables:

O Regulamento do Traballo Fin de Grao da Universidade de Vigo, aprobado no Consello de Goberno está dispoñible en: http://www.uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_gl/DOCUMENTOS/alumnado/TFGNovo_Def_Uvigo.pdf

A Normativa da Facultade de Bioloxía para a realización do Traballo Fin de Grao, aprobada en Xunta de Facultade está dispoñible en:

http://bioloxia.uvigo.es/docs/docencia/grado/tfg/normativa_TFG_facultad_biolologia.pdf

Aspectos éticos

O plaxio está especialmente perseguido nos traballos de fin de grao, en particular na elaboración da memoria, sendo motivo de suspenso na materia. Tampouco está permitido o uso inxustificado de programas de intelixencia artificial.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Matrícula na materia TFG:

-Para poder matricularse no TFG, o estudiantado deberá ter matriculados todos os créditos necesarios para obter o título oficial de grao, salvo os correspondentes ao propio traballo, xa sexa por superación das materias correspondentes ou por recoñecemento.

-Para poder realizar a presentación e defensa do TFG diante do tribunal, o estudiantado deberá demostrar ter superados todos os créditos necesarios para obter o título, salvo os correspondentes ao propio traballo, xa sexa por superación das materias correspondentes ou por recoñecemento.

Polo tanto recoméndase aos alumnos que se matriculen nesta materia só si teñen altas posibilidades de superar todos os créditos matriculados no curso.

-Normativa do Traballo Fin de Grao e información sobre a planificación da materia no curso: dispoñible en: <http://bioloxia.uvigo.es/gl/docencia/grao-en-bioloxia/traballo-fin-de-grao>

Mobilidade:

Os traballos fin de grao poderán levarse a cabo dentro dun programa de mobilidade, facendo constar ás súas características no contrato de estudos respectivo. Os alumnos que opten por esta modalidade deben contar coa aprobación do coordinador de mobilidade do centro e do coordinador da materia TFG. Polo tanto, é recomendable iniciar estes procesos coa suficiente antelación.